

Javier Montenegro García

Obtivo o doutorado no 2009 pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) cunha tese no campo dos retinoides sintéticos. No ano 2005, traballou como científico visitante na Universidade de Cambridge (Reino Unido) na área da síntese total de produtos naturais e, no 2007, no Scripps Research Institute en La Jolla, California (Estados Unidos) na área de química prebiótica. Entre o 2009 e o 2012, foi investigador postdoutoral na Universidade de Xenebra (Suíza), onde se centrou no estudo de sistemas supramoleculares funcionais.

No 2012 incorporouse ao Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da USC cun contrato Juan de la Cierva e, no 2015, obtivo un contrato Ramón y Cajal asociado ao Departamento de Química Orgánica da universidade e ao CiQUS. Ese mesmo ano, recibiu unha **ERC Starting Grant** para o desenvolvemento do proxecto [DYNAP](#), cun orzamento de case 1,5M€. O obxectivo deste proxecto foi a identificación, a escala molecular, de novas moléculas e estratexias conceptuais para o control do transporte a través da membrana plasmática de moléculas cun posible interese terapéutico. O proxecto buscaba transformar as bases do drug delivery e da transfección no viral de ácidos nucleicos, como o RNA mensaxeiro (introdución de material xenético exógeno nun organismo) ou ribonucleoproteínas (ex. Cas9) para a edición xenética, tentando de mellorar as limitacións dos enfoques empregados ata o momento. Posteriormente, nesta mesma liña de traballo obtivo unha **ERC Proof of Concept**, para avaliar as posibilidades de transferencia desta tecnoloxía de achegamento de biomoléculas terapéuticas (DNA, RNA ou proteínas) ao interior das células, co obxectivo final de tratar enfermidades (proxecto [TraffikGene](#)).

No ano 2017, o doutor Montenegro foi convidado a colaborar nun proxecto do prestixioso **Human Frontier Science Program (YHFSP)** para abordar cuestións relacionadas coa orixe da vida e desenvolver modelos sinxelos de citoesqueletos artificiais en células sintéticas mínimas.

Javier Montenegro foi galardoado con prestixiosos premios internacionais, coma o JSP Fellowship na 52nd Bürgenstock Conference, no 2017; o [Premio para Jóvenes Investigadores de la Real Sociedad Española de Química \(RSEQ\)](#), no 2018; e o European Prize of the RSEQ Chemical Biology Division to Young Group Leaders no 2019.